

EXISTEN ESES DÍAS...

Existen eses días nos que pensas que non podes máis, que todo acabou para ti, que despois diso non vas poder seguir adiante; pero sabes que tes que facelo, porque aínda que esa persoa xa non estea, a túa familia si, e ti tamén. Así me sentía eu nese momento, no enterro do meu avó, aquela persoa tan importante para min, a que me entendía e coa que me encantaba falar. A nosa relación era algo estraña: andabamos sempre berrando un co outro, discutindo polas cousas máis simples; pero á hora da verdade era el o que sempre me apoiaba, quen estaba ao meu lado e me defendía.

Teño moi bos recordos del, e o que máis me gustaba era sentarme ao seu lado a carón do lume mentres me contaba algunha historia de cando el era pequeno. Unha delas foi a lenda de como se repartiu Lume de Suso, cerca de onde viviamos. Recordo que estabamos os dous sentados na lareira, ao quentiño, e el mirou para min e dixo: “Miña neniña, conteiche algunha vez como se repartiu a nosa parroquia?”. Eu, sabendo que era hora de aprender unha nova lenda, púxenme cómoda e contestei: “Non, avó, pero cóntame a lenda por favor!”. E, comezou a relatarme a historia:

“Como xa sabes, Lume de Suso é un lugar dividido entre as parroquias de Castro e San Xusto, no concello de Coristanco. A orixe de como se repartiu comeza cunha discusión entre os santos San Xulián de San Xusto e Santa Baia de Castro, que despois de rifar un bo anaco decidiron ir á pillota a ver quen dos dous conseguía máis casas para si mesmo. Mentres que San Xulián se preparou para unha longa camiñada, Santa Baia foi descalza; mais así e todo a maioría das casas foron para ela, e San Xulián quedou só con dúas. Como pasou isto?, estarás pensando, pois ben, para poder conseguir a maioría de casas había que cruzar un lameiro e San Xulián quedou espetado porque levaba unhas botas moi pesadas e foille moi imposible seguir. E por iso só dúas casas de Lume de Suso pertencen á nosa parroquia, San Xusto, e o resto pertencen á de Castro”.

Aínda recordo a miña cara de sorpresa ao escoitar aquilo, e o seu sorriso, un que quedaría na miña memoria para sempre.

Agora mesmo sigo recordando aqueles momentos tan bonitos co meu avó. Isto non é só un recordo e unha lenda, é tamén unha mensaxe para aquelas persoas que perderon alguén especial. Seguide adiante, porque aínda que esa persoa non estea con vós, si o están os recordos e os momentos que vivistes xunto a ela. E cando pase o tempo darédesvos conta de que o conseguistes.

Nuria Antelo Facal